

Resolución do 4 de decembro de 2018, da directora da Axencia Galega de Innovación, pola que se amplía o prazo para a realización dos eventos de difusión dos proxectos concedidos no 2018 do programa Conecta Peme.

Por resolución da directora da Axencia Galega de Innovación do 31 de decembro de 2017 establecéronse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas do programa Conecta Peme para fomentar a cooperación entre as pemes e os demais axentes do Sistema rexional de innovación, a través do apoio a proxectos de Investigación, Desenvolvemento e Innovación orientados ao mercado e aliñados cos retos e prioridades identificados na RIS3 para Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), no marco do Programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2018 (Diario Oficial de Galicia núm. 28, do 8 de febreiro de 2018)

O artigo 36 das ditas bases establece as obrigas das empresas beneficiarias, e na súa letra j) recolle a obriga de realizar tres eventos de difusión do proxecto, o primeiro dos cales terá que realizarse no 2018 ao comenzo do proxecto para explicar os seus obxectivos, e como máximo 2 meses despois da data de concesión da subvención, que será en todo caso dentro do ano 2018.

Motivada polo gran número de solicitudes presentadas e a complexidade da avaliación e xestión da convocatoria a resolución de concesión das axudas non foi publicada no Diario Oficial de Galicia ata o 12 de novembro de 2018.

Esta demora na concesión fai que o prazo previsto para a realización do primeiro evento de difusión quede moi reducido tendo en conta ademais as festividades de nadal.

Por todo isto considerase necesario ampliar o dito prazo do artigo 36 j)

En consecuencia, e de acordo coa habilitación para o desenvolvemento da resolución do 31 de decembro de 2017 que me concede a disposición derradeira primeira dela,

RESOLVO:

Ampliar o prazo para a realización do primeiro evento de difusión ata o 1 de marzo de 2019.

Publicar na páxina web da Axencia Galega de Innovación esta resolución.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar



**Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional**

Unha maneira de facer Europa